Doutra parte, D. **Evaristo Rey Conde**, con D.N.I. nº 76***, como representante legal e en calidade de Presidenta da entidade **Asociación Cultural Festa dos Callos**, con CIF G-56833718

Dando fe do acto, a persoa que ostenta a Secretaria Xeral da Corporación.

Todas as partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, con capacidade e competencia suficiente para o outorgamento do presente Convenio de Colaboración e,

EXPOÑEN

I) Que as Entidades Locais, en canto Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con entidades privadas.

II) Que no artigo 22.2.a) da Lei 28/2003, xeral de subvencións recóllese a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

III) Que no artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións configúrase o Convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

En base a todo o que se acaba de expoñer subscríbese o presente Convenio de Colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRELIMINAR: A entidade beneficiara da subvención acompaña no momento da firma do presente convenio a seguinte documentación

- NIF/CIF da entidade ou asociación beneficiaria ou NIF das persoas a nome das cales se apertura a conta corrente na que se situarán os fondos, de ser o caso (Cláusula terceira).

-Declaración responsable de atoparse ao corrente coas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

-Declaración responsable de non estar en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.

-Designación de número de conta bancaria.

PRIMEIRA: Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento dunha subvención nominativa.

SEGUNDA: Que a actividade subvencionada consiste nas actividades relacionadas coa FESTA

DOS CALLOS.

TERCEIRA: O Concello de Silleda comprométese a aportar a cantidade de 400,00 € con carácter prepagable, debendo inescusablemente xustificarse con posterioridade nos termos que se especifican máis adiante no presente Convenio. Esta cantidade será abonada nunha conta aberta nunha entidade financeira a nome da entidade/asociación beneficiaria. Cando por razóns de índole técnica, administrativa ou outras debidamente xustificadas a apertura da devandita conta sexa imposible, poderá abonarse a cantidade nunha conta bancaria aberta ó efecto como mínimo por dous membros da Entidade beneficiaria.

CUARTA: O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

QUINTA: Gastos subvencionables: Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido.

SEXTA: Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

SÉTIMA: Son obrigas dos beneficiarios:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.
- 2.- Só serán subvencionables as actividades realizadas en galego, tanto oral como escrito, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro), e nas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega na sesión plenaria do día 12 de xullo de 2003). Os proxectos subvencionables respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo co preceptuado no artigo 10 da citada Lei 3/1983, o 15 de xuño, de normalización lingüística.
- 3- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.
- 4.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.
- 5.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.

6.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

7.- Acreditar con anterioridade a ditarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

8.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

9.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

10.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

OITAVA: Xustificación:

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

1.Facturas regramentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.

2.Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.

3.Certificado asinado pola persoa responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.

4.Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.No seu caso, certificado das subvencións concedidas para a mesma finalidade.

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

A presentación da conta xustificativa realizarase, como máximo, **ata o 21 de outubro do presente ano, sen posibilidade de prórroga.**

NOVENA: Reintegro. Procederá o reintegro da subvención sempre que concorran as circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

DÉCIMA: En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

DÉCIMOPRIMEIRA: O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

Polo Concello.
A Alcaldesa-Presidenta
Asdo. Paula María Fernández Pena

Pola Entidade.
O Representante.
Asdo. Evaristo Rey Conde

Secretaría Municipal

ANEXO VI

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ENTIDADE “ASOCIACIÓN CULTURAL O CRUCEIRO” PARA O ANO 2026

En Silleda, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, D^a . **Paula María Fernández Pena**, actuando como Alcaldesa-Presidenta no seu nome e en representación do **Concello de Silleda**, con CIF 3605200-I.

Doutra parte, D^a **Ángel Fares González**, con D.N.I. nº 76***, como representante legal e en calidade de Presidente da entidade **Asociación Cultural O Cruceiro** , con CIF G-36018935.

Dando fe do acto, a persoa que ostenta a Secretaría Xeral da Corporación.

Todas as partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, con capacidade e competencia suficiente para o outorgamento do presente Convenio de Colaboración e,

EXPOÑEN

I) Que as Entidades Locais, en canto Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con entidades privadas.

II) Que no artigo 22.2.a) da Lei 28/2003, xeral de subvencións recóllese a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

III) Que no artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións configúrase o Convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

En base a todo o que se acaba de expoñer subscríbese o presente Convenio de Colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRELIMINAR: A entidade beneficiaria da subvención acompaña no momento da firma do presente convenio a seguinte documentación:

- NIF/CIF da entidade ou asociación beneficiaria ou NIF das persoas a nome das cales se apertura a conta corrente na que se situarán os fondos, de ser o caso (Cláusula terceira).

-Declaración responsable de atoparse ao corrente coas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

-Declaración responsable de non estar en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.

-Designación de número de conta bancaria.

PRIMEIRA: Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento dunha subvención nominativa.

SEGUNDA: Que a actividade subvencionada consiste nas actividades relacionadas coa FESTA DA CASTAÑA DE BREIXA

TERCEIRA: O Concello de Silleda comprométese a aportar a cantidade de 400,00 € con carácter prepagable, debendo inescusablemente xustificarse con posterioridade nos termos que se especifican máis adiante no presente Convenio. Esta cantidade será abonada nunha conta aberta nunha entidade financeira a nome da entidade/asociación beneficiaria. Cando por razóns de

índole técnica, administrativa ou outras debidamente xustificadas a apertura da devandita conta sexa imposible, poderá abonarse a cantidade nunha conta bancaria aberta ó efecto como mínimo por dous membros da Entidade beneficiaria.

CUARTA: O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

QUINTA: Gastos subvencionables: Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido.

SEXTA: Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

SÉTIMA: Son obrigas dos beneficiarios:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.
- 2.- Só serán subvencionables as actividades realizadas en galego, tanto oral como escrito, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro), e nas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega na sesión plenaria do día 12 de xullo de 2003). Os proxectos subvencionables respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo co preceptuado no artigo 10 da citada Lei 3/1983, o 15 de xuño, de normalización lingüística.
- 3- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.
- 4.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.
- 5.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.
- 6.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

7.- Acreditar con anterioridade a ditarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

8.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

9.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

10.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

OITAVA: Xustificación:

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

1.Facturas reglamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.

2.Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.

3.Certificado asinado pola persoa responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.

4.Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.No seu caso, certificado das subvencións concedidas para a mesma finalidade.

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

A presentación da conta xustificativa realizarase, como máximo, **antes de que finalice o mes seguinte ao da súa produción.**

NOVENA: Reintegro. Procederá o reintegro da subvención sempre que concorran as circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

DÉCIMA: En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

DÉCIMOPRIMEIRA: O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

Polo Concello.

A Alcaldesa-Presidenta

Asdo. Paula María Fernández Pena

Pola Entidade.

O Representante.

Asdo. Ángel Fares González

Secretaría Municipal

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar os Convenios de Colaboración entre o Concello de Silleda e as Asociacións anteditas do ano 2026, cun importe de 400 euros cada unha, e que asinarán a alcaldesa, Paula Mª Fernández Pena, en representación do Concello, e a persoa que ostenta a presidencia das entidades.

SEGUNDO: Dar conta dos presentes convenios ao departamento de Intervención.

Expediente 422/2026. Adhesión ó Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a posibilidade de adhesión ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar, asinado o 11 de marzo de 2026.

Considerando o interese do Concello de Silleda en participar nesta rede de colaboración institucional orientada á prevención e intervención fronte ao acoso escolar.

Visto o informe favorable da Secretaría municipal.

Concello de Silleda

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello de Silleda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar, cuxo texto consta no expediente 422/2026.

Segundo.- Manifestar a vontade do Concello de Silleda de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do citado convenio, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo.

Terceiro.- Facultar á alcaldesa, para a sinatura do correspondente documento de adhesión e para realizar cantas actuacións sexan necesarias para a execución do presente acordo.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

Expediente 6/2026. MELLORA DOS CENTROS SOCIAIS DE PIÑEIRO-LAMELA-CURRO E MOALDE (LIÑA 1 MAIS PROVINCIA 25)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a documentación administrativa que obra no expediente 6/2026 deste Concello relativa á MELLORA DOS CENTROS SOCIAIS DE PIÑEIRO-LAMELA-CURRO E MOALDE (LIÑA 1 MAIS PROVINCIA 25) a adxudicar POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO.

Visto o Decreto nº 2026-0069 de data 30 xaneiro de 2026 no que se resolve o seguinte:

“PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, para contratar a obra de MELLORA DOS CENTROS SOCIAIS DE PIÑEIRO-LAMELA-CURRO E MOALDE (LIÑA 1. MAIS PROVINCIA 25)

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de 54.149,64€ (IVE incluído), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal prorrogado deste Concello para o exercicio 2026.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas do contrato de obra de “MELLORA DOS CENTROS SOCIAIS DE PIÑEIRO-LAMELA-CURRO E MOALDE (LIÑA 1 MAIS PROVINCIA 25)” por procedemento aberto simplificado, oferta

economicamente máis vantaxosa.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.”

Vista a licitación pública realizada que conclúe na acta final da mesa de contratación que se transcribe a continuación:

“Expte. - 6/2026. “CONTRATACIÓN POR LOTES DA MELLORA DOS CENTROS SOCIAIS DE PIÑEIRO, LAMELA, CURRO E MOALDE”.

Na casa consistorial do Concello de Silleda, o 18 de marzo de 2026 ás 12.00 horas,

Tipo de contrato: Contrato de obras

Forma de adxudicación: Procedemento aberto simplificado.

Obxecto do contrato: “CONTRATACIÓN POR LOTES DA MELLORA DOS CENTROS SOCIAIS DE PIÑEIRO, LAMELA, CURRO E MOALDE”

Membros asistentes:

PRESIDENTE

D^a. Paula M^a Fernández Pena, Alcaldesa, que se abstén de calquer tipo de decisión no referente á licitación por formar parte do órgano de contratación.

VOCALIS

Dona Déborah García Suárez, secretaria da Corporación.

D. Leopoldo Moure Dopico, interventor da Corporación. Asiste de maneira telemática.

D. Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL da Corporación

SECRETARIO

D. Julio Méndez Castro, administrativo da Corporación.

Na sesión celebrada o 24 de febreiro de 2026, a Mesa formalmente constituída, declara admitidas provisionalmente as seguintes proposicións:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	B94181807

Ao non formularse ningunha reclamación, procédese á apertura do “**SOBRE A**”, que contén a **DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR**.

Unha vez cualificada a documentación administrativa que as empresas aportan no “SOBRE A”, non se observan defectos, polo que a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros

declara ADMITIDAS á licitación as seguintes proposicións:

DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	B94181807

No mesmo sobre compróbase a documentación técnica que contén os criterios avaliábles mediante xuízo de valor e, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda remitir a documentación técnica incluída no “**SOBRE A**” ó redactor do proxecto, Don Javier López Taboada, para que nun prazo non superior a 7 días realice a avaliación dos criterios suxeitos a xuízo de valor.

O 03 de marzo de 2026, con rexistro de entrada nº 2026-E-RE-321, o redactor do proxecto remite informe de valoración dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor recolle o seguinte:

“INFORME ÁS OFERTAS TÉCNICAS

Javier López Taboada, Diseñador de interiores, en posesión del Título superior de Deseño na especialidade de interiores, nivel 2 del Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, equivalente o título universitario de grado, provisto do N.I.F.: ***887***, Colexiado nº GA-254 do Colexio Oficial de Diseñadores de Interior/Decoradores de Galicia, con domicilio profesional na Rúa Venezuela nº61 - Baixo - Local 1 36540 de Silleda (PONTEVEDRA).

Sendo requirido para a emisión de informe ás ofertas técnicas.

Oficio Expte. - 6/2026. “MELLORA DOS CENTROS SOCIAIS DE PIÑEIRO, LAMELA, CURRO E MOALDE”.

Emito o seguinte informe en base os elementos avaliábles:

1. Análise do proxecto e da execución das obras (De 0 ata 13 puntos).

O licitador deberá demostrar que coñece e domina en profundidade o proxecto técnico que serve de base para a licitación axustándose ós requisitos mínimos establecidos. Para isto deberá describir como mínimo os elementos singulares en canto a:

a. Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no seu caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares. Debendo quedar acreditado mediante compromisos asinados polas empresas subministradoras, nos que se cite o nome desta obra. Ata 3 puntos.

Valoración – 3 puntos.

b. Análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas. Ata 3 puntos.

Valoración – 3 puntos.

c. Descrición técnica adecuada dos traballos para realizar. Ata 3 puntos.

Valoración – 3 puntos.

d. Disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, contedores, maquinaria, eta). Ata 2 puntos.

Valoración – 2 puntos.

e. Circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra. Ata 2 puntos.

Valoración – 2 puntos.

Total análise do proxecto e da execución das obras – 13 puntos.

2. Actuación medioambiental (de 0 a 12 puntos), co seguinte desglose:

a. Identificación das unidades de obra e procesos construtivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como o emprego de materiais con certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables: Ata 2 puntos

Valoración – 2 puntos.

b. Organización física da obra: Ata 2 puntos.

Valoración – 2 puntos.

c. A avaliación e a xestión dos residuos xerados durante a execución da obra: Ata 3 puntos.

Valoración – 3 puntos.

d. Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos. Ata 2 puntos.

Valoración – 2 puntos.

e. Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar. Ata 2 puntos.

Valoración – 2 puntos.

f. Descrición adecuada dos vertederos e centros de xestión de residuos. Ata 1 punto.

Valoración – 1 puntos.

Total actuación medioambiental – 12 puntos.

Total criterios avaliados mediante un xuízo de valor - 25 puntos.

Silleda, 3 de marzo de 2026

Javier López Taboada

Diseñador de Interiores GA-254 CODDIG"

Os membros da Mesa de Contratación a vista do informe técnico transcrito anteriormente, por unanimidade, asume o seu contido íntegro dando a súa conformidade as valoracións que contén, quedando a puntuación total do contido do SOBREA da seguinte maneira:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE A Xuízos de Valor
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	25,00

A Mesa de Contratación, unha vez finalizado o acto de valoración do SOBRE A, acorda convocar a seguinte reunión para o xoves día 05 de marzo para proceder á apertura do SOBRE B.

A Mesa de Contratación, procede á lectura das ofertas económicas presentadas co seguinte resultado:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	LOTE 1		
	38.472,39	8.079,20	46.551,59
	LOTE 2		
	6.200,69	1.302,14	7.502,83
	TOTAL		
	44.673,08	9.381,34	54.054,42

Os licitadores ofertan as seguintes melloras das propostas no prego:

DENOMINACIÓN SOCIAL	MELLORA 01: Pintado e mellora da impermeabilización C.S. Moalde (5,77 PUNTOS)	MELLORA 02: Sustitución de canalón e baixantes C.S. Curro (11,50 PUNTOS)	MEJORA 03: Pintado interiores C.S. Piñeiro (8,65 PUNTOS)
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	0,00	0,00	0,00

Procédese á valoración das ofertas económicas presentadas aplicando os criterios recollidos nos pregos, de maneira que a puntuación do SOBRE B é a seguinte:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN PREZO OFERTADO	PUNTUACIÓN MELLORAS	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	49,08	0,00	49,08

Tendo en conta a valoración dos criterios suxeitos a xuízos de valor que realizou a mesa de contratación na sesión do 04 de marzo en base ó informe técnico do redactor do proxecto, as **PUNTUACIÓNS FINAIS** quedan da seguinte maneira:

A puntuación total dos SOBRES A e B é a seguinte:

DENOMINACIÓN SOCIAL	PUNTUACIÓN SOBRE A	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U.	25,00	49,08	74,08

Polo exposto anteriormente, e tendo en conta que únicamente presenta oferta un licitador, non procede clasificar as ofertas presentadas por orde decrecente, así, a Mesa por unanimidade dos membros presentes, acordou na sesión celebrada o 05 de marzo de 2026:

“Requirir á licitadora a CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U. con N.I.F. B94181807, por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de obra “CONTRATACIÓN POR LOTES DA MELLORA DOS CENTROS SOCIAIS DE PIÑEIRO, LAMELA, CURRO E MOALDE” para que, dentro do prazo de 7 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 26 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 20 e o punto 26, así como as pólizas de seguro recollidas no punto 20, ambas do Anexo I do PCAP.” (requirimento que se realiza o 05 de marzo de 2026 con rexistro de saída nº 2026-S-RE-283).

O licitador presenta o requirido con data 13 de marzo de 2026, rexistro de entrada en este Concello nº 2026-E-RE-414.

A Mesa de Contratación presta a súa conformidade coa documentación presentada, salvo erro ou omisión involuntaria, e **PROPÓN Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COMO EMPRESA ADXUDICATARIA** do contrato obras denominado “CONTRATACIÓN POR LOTES DA MELLORA DOS CENTROS SOCIAIS DE PIÑEIRO, LAMELA, CURRO E MOALDE” (para ambos lotes) a:

- **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU**, con N.I.F. **B-94.181.807**, por ser a oferta máis vantaxosa.

A presidenta da por rematada a reunión ás 12,27 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

O Secretario
Julio Méndez Castro

VºBº.
A Presidenta
Paula Mª Fernández Pena”

Visto o informe de fiscalización emitido polo Interventor municipal, en data 20 de marzo de 2026.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aceptar a proposta da Mesa de Contratación e **ADXUDICAR** a CONTRATACIÓN POR LOTES DA MELLORA DOS CENTROS SOCIAIS DE PIÑEIRO, LAMELA, CURRO E MOALDE a:

LOTE	ADXUDICATARIO	PREZO €	IVE €	TOTAL €
LOTE 1 OBRAS , que comprende a execución das obras descritas e a instalación das subministracións do proxecto.	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU, con N.I.F. B-94.181.807	38.472,39	8.079,20	46.551,59
LOTE 2 SUBMINISTRACIONES , que comprende o subministro dos materiais e elementos necesarios segundo o especificado no proxecto e no prego de prescricións técnicas particulares.	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU, con N.I.F. B-94.181.807	6.200,69	1.302,14	7.502,83

Segundo.- Dispor o gasto por importe de **54.054,42 €** (suma do precio total dos dous lotes 46.551,59 € e 7.502,83 €) con cargo á aplicación orzamentaria 933-619, proxecto 2025-17, do Orzamento municipal de 2025 prorrogado a 2026.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP- e a **CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU, con N.I.F. B-94.181.807**, adxudicataria do contrato, indicaráselle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.

Cuarto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda e na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 426/2026. Mellora de camiños municipais en Pedrouzo, Cervaña e Cortegada(Silleda)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro de Camiños, C e P. Sr. Román Gómez Fraiz , Mellora de caminos municipais en Pedrouzo, Cervaña e Cortegada(Silleda), cun orzamento de 259.561,26 € (ive incluído)

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto municipal de data 20/03/26, relativo ao cumprimento

Concello de Silleda

do planeamento en vigor, afeccións sectoriais e informe de supervisión.

Vistas as solicitudes de autorización sectorial para leva a cabo a actuación, remitidas aos organismos que se recollen no informe do técnico municipal.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente de contratación por tramitación anticipada da obra Mellora de caminos municipais en Pedrouzo, Cervaña e Cortegada(Silleda), por importe de 259.561,26 € (ive incluído), solicitando ao persoal técnico competente a redacción dos pregos que rexerán o proceso.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE